



PRESENTACIÓN DO MÓDULO

MÓDULO: **INSTALACIONES DE DISTRIBUCIÓN**
(MP0236) (155h)

CURSO: 2014/2015

PROFESOR: BENITO FERNÁNDEZ REY

1. OBXECTIVOS XERAIS

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f),g), h), i), j), l), n) e o) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e), f), g), i), j) e k).

2. CONTIDOS

Libro de texto: *Instalaciones de distribución.. Editorial Paraninfo. Autores J.C. Toledano e JL Sanz Serrano.*

MES	CONTIDOS TEÓRICOS DE CARACTER CONCEPTUAL	CONTIDOS DE CARÁCTER PRECEDIMENTAL: PRÁCTICAS
Setembro Outubro Novembro	<p><u>UNIDADE FORMATIVA Nº3: redes de distribución en B.T, Acometidas e redes de iluminación exterior(MP0236 34):</u></p> <p>Tema 0: Repaso de conceptos de instalación eléctricas vistas no primeiro curso do ciclo.</p> <p>Impartiranse por apuntes.</p> <p>Tema 1: Redes de distribución en Baixa Tensión. Capítulo 2 do libro recomendado.</p> <p>Tema 2: Instalacións eléctricas para alumeados exterior. Apuntes e capítulo 5 do libro recomendado.</p>	<p>Práctica 1: Realización dunha instalación eléctrica de enlace para un alumeados público con desconexión do 50% a partir da medianoite.</p> <p>Práctica 2: Realización dunha instalación de enlace para un alumeados público con reactancias de dobre nivel de potencia.</p> <p>Práctica 3: Realización dunha instalación de enlace para un alumeados público con regulador de fluxo.</p> <p>Práctica 4: Realización dun kit de empalme para liña subterránea.</p> <p>Práctica 5: Instalación eléctrica dun garaxe dun edificio de vivendas</p>
Decembro Xaneiro	<p><u>UNIDADE FORMATIVA Nº4: Instalacións eléctricas de enlace e tarifas eléctricas(MP0236 44)</u></p> <p>Tema 3: Instalacións eléctricas de enlace en edificios de vivendas e locais comerciais. Capítulo 3 do libro.</p> <p>Tema 4: Instalacións de posta a terra. Capítulo 4 do libro recomendado.</p>	<p>Práctica 6: Instalación nave industrial con discriminación horaria e potencia<50KW e modulo de medida con discriminación horaria.</p> <p>Práctica 7: Instalación dun local de publica concurrencia con red de datos e voz.</p> <p>Práctica 8: Realización dunha instalación eléctrica de enlace para unha industria con contadores de medida indirecta (P>50KW) e cuadro de suministro complementario.</p>
Febreiro MARZO	<p><u>UNIDADE FORMATIVA Nº2: Centros de Transformación (MP0236 24)</u></p> <p>Tema 5: Centros de transformación Capítulo 1 do libro de texto.</p> <p>Tema 6: Prevención de riscos e protección ambiental. Capítulo 6 do libro de texto.</p> <p><u>UNIDADE FORMATIVA Nº1: redes de distribución en A.T. (MP0236 14)</u></p> <p>TEMA 7 : Redes de distribución en AT</p> <p>Impartiranse por apuntes.</p>	<p>Práctica 9: Instalación dunha batería de condensadores.</p> <p>Práctica 10: Realización dun sistema de posta a terra con soldadura aluminotérmica.</p>

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os Indicados no módulo de INSTALACIONES DE DISTRIBUCIÓN indicados do Decreto 28/2010 publicado no DOGA 17/03/2010.



4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA

APRENDIZAXE:

2.1.1.- Sistema de avaliación para os contidos conceptuais:

A avaliación destes contidos realizarase por medio de exames teóricos (tipo test) e con exercicios de cálculo relativos os bloques de contidos indicados na táboa anterior. Os exames serán un como mínimo por cada periodo, debendo de acadar unha nota media como mínimo de 5 cando se realicen máis de un exame na avaliación. A nota media entre máis de un exame se realizará con notas superiores ó 4. Se nalgún exame o alumno non saca unha nota igual ou superior a un 4, deberá de presentarse polo menos nesta parte o exame de recuperación. Por cada unidade formativa avaliada realizárase un exame de recuperación ó cal se deberán de presentar aqueles alumnos que non obteñan media igual ou superior ó 5 na avaliación. Só se presentarán a parte que teñan suspensa.

2.1.2.- Sistema de avaliación das realizacións prácticas:

Cada realización práctica programada levará asociada unha ficha práctica que deberá de ser cuberta polo alumno individualmente. Cada unha será calificada cun **apto** ou cun **non apto**. Cando seña calificada negativamente deberá de ser repetida.

2.2.- Criterios de cualificación:

Na parte teórica:

Os exames comprenderán de maneira xeral exercicios relativos o cálculo e dimensionamento das instalacións eléctricas de enlace, según a utilización que teña a instalación (alumeado público, edificio, industria, local comercial).

Para poder superar a parte teórica e conseguintemente supera-lo módulo profesional É IMPRESCINDIBLE saber resolver o problema de calcular unha instalación eléctrica de enlace. Este problema se resume en que coñecendo os datos xerais da instalación se debe de:

- ☞ Coñece-la potencia a prever.
- ☞ Calcular acometida.
- ☞ Dimensionar a CXP e o módulo de medida
- ☞ Calcular liña repartidora.
- ☞ Calcular derivación individual.
- ☞ Calcular liñas interiores.
- ☞ Dimensionar os cadros de proteccións e de mando.
- ☞ Realizar os esquemas correspondentes e documentos necesarios.

Na parte de contidos procedementais:

Deberanse ter en conta os seguintes aspectos a hora de cubrir as fichas das prácticas realizadas:

- (1) Non se admiten esquemas a man alzada.
- (2) No desenrolo dun traballo práctico podrase mandar repetir unha práctica por unha incorrecta presentación (cableado defectuoso, cables incorrectamente conxionados, etc) anque o circuíto teña un funcionamento correcto.
- (3) Non se admitirán fichas de prácticas con borróns, tachóns ou outros aspectos negativos na presentación das fichas.

Poderase facer exames de carácter práctico en cada unha das avaliacións si así se considera oportuno. O exame de carácter práctico consistirá na realización dunha práctica xa anteriormente realizada, de maneira individual.

3.- MINIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Para acadar cada unha das avaliacións positiva no módulo profesional de Instalacións de distribución, e necesario cumprir os seguintes requisitos :

- a) Ter unha nota media como mínimo de 5 entre os exames teóricos que se fagan na avaliación (cun máximo de dous e mínimo de un por unidade formativa). A nota media entre máis dun exame realizaráse con notas superiores ó 4. Se nalgún exame parcial non se supera o 4 deberá de presentarse a recuperación alomenos deste exame.
- b) Ter presentados todos os esquemas calificados como ben realizados das prácticas realizadas na avaliación.

Para acadar a avaliación final positiva no módulo profesional de Instalacións de distribución, e necesario cumprir os seguintes requisitos :

- a) Ter aprobado os exames de cada unha das unidades formativas (dende a 2 a 4) ou o exame de recuperación que se faga previa a avaliación ordinaria de marzo-abril.
- b) Ter realizados polo menos 6 exercicios prácticos que se relacionan nos bloques procedementais, habendo sido calificados cun apto.

5.- SISTEMA DE AVALIACIÓN PARA OS ALUMNOS QUE PERDAN O DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA

Os alumnos cando perdan o dereito a avaliación continua por ter un numero de non asistencias superior ó 10% do número total de sesións do módulo profesional, deberán de realizar un exame final teórico-práctico de tódolos contidos que figuran nos bloques didácticos da programación. Este exame se fixará antes da avaliación final ordinaria e a data da convocatoria se publicará no taboleiro de anuncios do Instituto.